



Nº ORDE:

**DECLARACIÓN DE INTERESE NA ADQUISICIÓN DUN DEREITO FUNERARIO SOBRE NICHU OU COLUMBARIO NO FUTURO CEMITERIO MUNICIPAL UBICADO EN REGA DA FRAGA - ARES**

O vixente PXOM do Concello de Ares recolle a dotación de espazo para a construción dun cemiterio municipal que palíe a situación actual de insuficiencia de lugar de repouso das persoas falecidas tendo en conta, por unha banda, que o cemiterio de titularidade eclesiástica non dispón de unidades suficientes para acoller a demanda actual e, por outra banda, que se pretende ofrecer ás persoas aconfesionais un espazo non relixioso no que poidan enterrar ou depositar as cinzas dos seus familiares.

O Concello de Ares ten previsto comezar a súa construción no espazo adquirido e reservado a tal efecto ( Rega da Fraga – Lubre ) no que a veciñanza e o resto de persoas interesadas poidan adquirir o dereito funerario sobre un ou varios nichos e/ou un ou varios columbarios.

Por todo o exposto e para poder programar de forma máis axeitada e acorde coas necesidades da veciñanza a construción das diferentes fases do cemiterio, as persoas interesadas na adquisición deberán presentar formalmente no rexistro municipal ou na sé electrónica do Concello esta declaración de interese indicando o número de dereitos funerarios que desexa adquirir.

Respectando a súa orde entrada, e ata completar as unidades disponibles en cada fase, este documento convírtese en documento de reserva dos dereitos abaixo indicados realizándose no seu momento a adxudicación de nicho/columbario por sorteo público ( garantindo que se adxudiquen unidades colindantes ás persoas que reserven máis dunha ).

Malia iso, será necesaria posteriormente, o abono do importe fixado para cada unidade e a sinatura do documento oficial de concesión.

**O prezo público\* pola concesión dun dereito funerario polo prazo de 99 anos calcúlase en:**

- NICHU :            **entre 2.450 € e 2.650 € por unidade**
- COLUMBARIO : **entre 850 € e 950 € por unidade**

*\* A este prezo, que poderá sufrir pequenas modificacións por causas xustificadas ao longo desta tramitación, haberá que sumarlle o 21% do IVE. No caso de variación á alza a persoa solicitante poderá desistir da súa solicitude. A taxa anual de mantemento, que se fixará na ordenanza fiscal correspondente, non está incluída*

**1. NOME E APELIDOS DA PERSOA INTERESADA:**.....

**DNI;** .....

**2. NO CASO DE SER PERSOA XURÍDICA, RAZÓN SOCIAL:** .....

**CIF:** .....

**3. ENDEREZO:** .....

**4. TELÉFONO:** ..... **CORREO ELECTRÓNICO:** .....

**5. PERSOA EMPADROADA:**    **SI**     **NON**

**6. TIPO DE UNIDADE NA QUE ESTÁ INTERESADA:**

**NICHU** ..... **Nº UNIDADES** .....    **COLUMBARIO** ..... **Nº UNIDADES** .....

Asinado .....

Ares, .....de .....do 2023